



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: O deseño, adquisición e implementación de sistemas de intelixencia artificial nas administracións públicas

CONVOCATORIA: 1ª conv AUTONOMICO

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 21/02/2025 - 09:00h ao 27/02/2025 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso ten como obxectivo xeral a exposición e posta en común das principais implicacións xurídicas que derivan do deseño, adquisición e implementación de sistemas de intelixencia artificial nas administracións públicas.

Entre os obxectivos específicos para a superación do curso deben mencionarse os seguintes:

- A comprensión xeral do funcionamento dos sistemas de intelixencia artificial e os posibles usos aplicables ao sector públicos.
- O dominio do marco xurídico que vai rexer a implementación de sistemas de intelixencia artificial no ámbito público.
- A comprensión dos problemas que pode ocasionar a opacidade dos sistemas de IA e a necesidade de configurar un axeitado nivel de transparencia.
- A adquisición dunhas nocións básicas a teR en conta con carácter previo á adquisición de sistemas de intelixencia artificial e durante a execución dos contratos.

DESTINATARIOS

Personal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

Módulo 1. Aproximación aos sistemas de intelixencia artificial

- 1.1. ¿Que son e como funcionan?
- 1.2. Retos xurídicos derivados do uso de sistemas de intelixencia artificial nas administracións públicas.
- 1.3. ¿Para que pode empregarse a IA no sector público?: casos de uso

Módulo 2. Aproximación ao Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial.

- 2.1. Ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación.
- 2.2. Clasificación dos sistemas de intelixencia artificial: regras para a súa clasificación e requisitos para a súa implementación no sector público.
- 2.3. O modelo de gobernanza da intelixencia artificial.
- 2.4. O réxime sancionador por incumprimento do Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial.
- 2.5. Os espazos controlados de probas.
- 2.6. O rexistro de sistemas de intelixencia artificial.

2.7. Cronoloxía da entrada en vigor do Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial en España.

Módulo 3. As bases xurídicas para a implementación de sistemas de intelixencia artificial nas administracións públicas galegas: aproximación á futura lei de intelixencia artificial de Galicia.

3.1. Os principios xurídicos reitores do deseño, adquisición, implementación e uso de sistemas de IA na administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.

3.2. Os dereitos da cidadanía en relación cos sistemas de IA empregados polas administracións e polas entidades públicas galegas.

3.3. A colaboración público-privada

Módulo 4. A transparencia da actividade administrativa algorítmica.

4.1. Introducción: aproximación ao control dos sistemas de intelixencia artificial mediante a aplicación do principio de transparencia.

4.2. Análise da regulación en materia de transparencia en relación cos sistemas de intelixencia artificial.

4.3. A publicidade activa e o dereito de acceso á información pública en relación co uso de sistemas de IA.

Módulo 5. Os procedementos de deseño e adquisición de sistemas de IA.

5.1. O deseño e a preparación dos procedementos de contratación de sistemas de IA.

5.2. A elección do tipo de procedemento de licitación adecuado.

5.3. Aspectos a ter en conta durante a fase de valoración das ofertas.

5.4. O contido básico dos contratos de adquisición de sistemas de IA.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEPRESENZA

INICIO / FIN: 28/04/2025 a 23/05/2025

NUM. PRAZAS: 35

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME: 23/05/2025 ás 18:00h

DOCENTES NOMEADOS

NOELIA BETETOS AGRELO

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: Os días 28 e 30 de abril de 16:30 a 19:30. Os días 05, 07, 12, 14 e 19 de maio de 16:30 a 19:30. Os días 21 e 23 de maio de 16:30 a 18:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Proba final en liña.